

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### SOUTOMAIOR

#### Subvencións e axudas

*SUBVENCIONES Á HOSTALERÍA, NEGOCIOS DE LECER NOCTURNO, XIMNASIOS E AXENCIAS DE VIAXE POR MOTIVOS DA CRISE DO COVID-19*

#### 1. FINALIDADE E OBXECTO DA SUBVENCIÓN

1.- O obxecto das presentes bases é regular as normas polas cales se rexerá a concesión, en concorrència non competitiva, de subvencións dirixidas aos sectores relacionados no Anexo I e cuxa actividade radique no Concello de Soutomaior, afectados polo peche decretado pola normativa sanitaria ditada polas autoridades competentes.

2.- A finalidade destas axudas é promover e reactivar a actividade local que permita paliar o impacto derivado da crisis sanitaria ocasionada pola Covid-19.

3.- As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva.

#### OS CONCEPTOS SUBVENCIONABLES SON:

- Recibo do pago de aluguer do local no que se exerza a actividade correspondente, do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2021.

Neste caso deberá ademáis presentar contrato de arrendamento en vigor ou documento asinado pola persoa arrendadora e pola persoa arrendataria que indiquen que o contrato está en vigor

- Recibo de pago da cuota de autónomos (cuxos importes non fosen subvencionados ou bonificados), do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2021
- Gastos derivados da contratación de servizos externos, tales como xestoría, mantemento, limpeza, seguridade, vixilancia, etc.
- Gastos derivados da contratación de seguros de responsabilidade civil, incendio, robo ou accidentes asociados ao local de negocio e necesarios para o desenvolvemento da actividade.
- Gastos de impostos e taxas municipais
- Gastos de luz, gas, telefonía ou outros subministros correspondentes ao local onde se exerza a actividade e que se pagaran, do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2021



Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

- Salarios e seguridade social do persoal vinculado coa prestación da actividade no establecemento para o cal se solicita a subvención. Neste caso deberá presentar nóminas e xustificantes bancarios ou acreditacións do pago, así como os recibos de liquidación e cotizacións (RLC) e a relación nominal de traballadores (RNT), e os xustificantes bancarios do seu pago (cuxos importes non fosen subvencionados ou bonificados), do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2021
- Facturas relativas a adquisición de material de desinfección en instalacións, elementos de protección e medidas de seguridade e hixiene, así como o mobiliario asociado a reforma e adaptación, do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2021
- Facturas relativas a modernización tecnolóxica (páxinas web, redes sociais, comandas dixitalizadas, marketing online...)

## 2. RÉXIME XURÍDICO

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, pola a lexislación básica do estado en materia de réxime local, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

## 3. IMPORTE DAS SUBVENCÍONS E FINANCIAMENTO

A contía global da subvención será de 41.560,00 € con cargo á partida 430.479, a nivel de vinculación xurídica, do Orzamento municipal. A presente subvención está cofinanciada polo Concello de Soutomaíor na cantidade de 20.002,05€ e pola Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do Plan de obras e servizos (PlanConcellos) 2021, liña 2 na cantidade de 21.557,95€.

O importe será repartido entre os solicitantes que reunan os requisitos establecidos na convocatoria, e como máximo será de 1.000€

En ningún caso o importe a percibir superará o importe da xustificación acreditada.

Non será subvencionable o IVE nin outros impostos recuperables, polo que todas as referencias contidas nestas bases ao orzamento e contía das actuacións subvencionadas refírense a importes sen IVE.

## 4. BENEFICIARIOS

1.- Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas e xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que teñan ata un máximo de 10 empregados.



Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

2.- Os beneficiarios deberán de reunir os seguintes requisitos:

a) Ter o seu domicilio social e fiscal no Concello de Soutomaior e desenvolver a súa actividade económica nun local, establecemento ou centro de traballo determinado aberto ao público na actualidade e con atención directa a este.

b) Que estén dados de alta nalgún dos epígrafes do Imposto de Actividades Económicas, con anterioridade ao 14 de marzo de 2020.

3.- Consonte co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, os beneficiarios deberán atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Soutomaior, coas Facendas Públicas (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social ; e deben cumprir as obrigas do artigo 11 da dita Lei 38/2003, non poden estar incursas en ningunha das prohibicións para recibir subvencións enumeradas no artigo 13 da mesma norma e non poden ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello de Soutomaior.

4.- Non presentar mais dunha solicitude se se trata de persoa física que non forma parte de sociedade que solicita axuda nesta convocatoria

## 5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes haberán de presentarse no prazo de 15 días hábiles, a contar dende o primeiro día hábil seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria.

Estas bases publicaranse na páxina web do Concello de Soutomaior, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Boletín Oficial da provincia.

No caso de que as solicitantes sexan persoas físicas e non dispoñan dos medios electrónicos necesarios para relacionarse electronicamente coa Administración, o Concello de Soutomaior prestaralles a debida asistencia, poñendo á súa disposición os medios necesarios para tal finalidade

## 6. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1.-As solicitudes das axudas incluídas na presente convocatoria presentaranse conforme ao modelo incluído como Anexo II a estas Bases e irán dirixidas á Alcaldía-Presidencia do Concello de Soutomaior.

Xunto co formulario normalizado de solicitude, achegarase a seguinte documentación:

1. DNI da persoa solicitante ou NIF da entidade solicitante e DNI da persoa representante.

2. Certificado de alta no imposto de actividades económicas (IAE) da entidade solicitante nalgún dos epígrafes incluídos no Anexo I das presentes bases, coa súa data de alta e domicilio fiscal.

3. Certificado de estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Soutomaior, coas Facendas Públicas (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social



Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

#### 4. Declaración responsable de obrigatoria formalización (Anexo III):

- Non se atopa inhabilitado nin está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención do Concello de Soutomaior, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nin do artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións. .
- Que a súa actividade está ou estivo afectada pola normativa de peche temporal ditada polas autoridades competentes.
- Ás facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á presente subvención.
- Que na actualidade o local está aberto ao público e desenvolve a súa actividade
- Que son veraces todos os datos reflectidos nesta declaración responsable.

#### 5. Facturas orixinais e que cumpran os requisitos legais

No caso de aluguer de local deberá ademáis presentar contrato de arrendamento en vigor ou documento asinado pola persoa arrendador e pola persoa arrendataria que indiquen que o contrato está en vigor.

6. Xustificante bancario do pago das facturas ou que na factura conste “cobrado”, “pagado”, “recibín” ou similar e selo da empresa e data do pago.

#### 7. Conta xustificativa (Anexo IV).

## 6. INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

A instrución do procedemento corresponderalle a un administrativo ou técnico do Concello de Soutomaior, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As deficiencias no expediente de solicitude e as omisións nos documentos obrigatorios deberán emendarse, previo requirimento, no prazo de 10 días dende a data da notificación, na que se indicará que se non se fixera terase por desistido da súa petición, sendo arquivada a solicitude previa resolución.

Avaliadas as solicitudes segundo os criterios establecidos nestas bases, emitirase un informe e formularase proposta de acordo de concesión da subvención, debendo expresar as persoas solicitantes para as que se propón a concesión de subvencións e a súa contía. Esta proposta pasará á Intervención municipal para que realice a fiscalización da mesma de acordo co RDL 2/2004 de 5 de marzo do TRLRFL.

## 7. RESOLUCIÓN

A concesión das subvencións realizarase mediante acordo da Xunta de Goberno Local e será publicada no taboleiro da sede electrónica e na web do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvenciones, surtindo esta publicación os efectos da notificación.



Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de dous meses a contar do día seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. Poñerá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que haya dictado a resolución o ben recurrir directamente ante a xurisdición contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora de dita xurisdición.

## 8. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS E PAGO DA MESMA

De acordo co establecido nos artigos 14 LXS e 11 LSG serán obriga dos beneficiarios:

1. Declarar as subvencións e axudas solicitadas ou concedidas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración ou entidade pública ou privada.

2. Dar publicidade da subvención concedida. A estes efectos, deberá figurar de forma visible un cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Soutomaior e Deputación Provincial de Pontevedra, que deberá manterse exposto ata o 31/03/2022, segundo anexo V

3. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Concello de Soutomaior, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a este e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o que deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, durante cinco anos.

4. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida nos supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei Xeral de Subvencións e 32 e 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

5. As demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007

## 9. PROTECCIÓN DE DATOS

### RESPONSABLE:

Identidade: Concello de Soutomaior [P3605300g]

Dirección Postal: Rúa Alexandro Bóveda 8. CP: 36691. Soutomaior, Pontevedra.

Teléfono: 986 705106

Correo Electrónico: oficinas@soutomaior.com

### FINALIDADE:

Nesta Entidade tratamos a información obtida coa finalidade de poder tramitar os expedientes administrativos e levar a cabo as actuacións derivadas deles.



Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

*POR CANTO TEMPO CONSERVAREMOS OS SEUS DATOS?*

Almacenamos os datos durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigas legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

*CAL É A LEXISLACIÓN PARA O TRATAMENTO DOS SEUS DATOS PERSOAIS?*

A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha misión que é realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, de conformidade coa Lei 3/2018, de 5 de decembro, de “Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales”.

*A QUE DESTINATARIOS COMUNICARANSE OS SEUS DATOS?*

Os datos comunicaranse a outras Administracións Públicas sempre que sexa necesario para cumprir cos fins enumerados anteriormente, sempre que exista normativa legal que o ampare. Ademais, a Entidade ten contratada a ferramenta XESTIONA coa empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL S.A. que é o encargado do tratamento dos datos segundo o contrato de encargo asinado entre as partes.

Soutomaior, 16 de setembro de 2021

O Alcalde — Agustín Reguera Ocampo



Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

*ANEXO I*

**EPIGRAFES DO IAE SUBVENCIONABLES**

Grupo 671. Servizos en restaurantes

Grupo 672. Servizos en cafeterías

Grupo 673. Servizos en cafés e bares, con ou sen comida.

Grupo 674.5 Servizos que se presten en sociedades, círculos, casinos, clubs e establecementos análogos

Grupo 676. Servizos en chocolatería, xaderías e horchaterías

Grupo 677. Servizos prestados polos establecementos clasificados nos grupos 671, 672, 673, 681 e 682 das agrupacións 67 e 68, realizados fora de ditos establecementos. Outros servizos de alimentación.

Grupo 681. Servizos de Hospedaxe en hoteis e moteis

Grupo 682. Servizo de hospedaxe en fondas e casa de hóspedes

Grupo 685. Aloxamentos turísticos extra-hoteleiros

Grupo 755.2 Servizos prestados ao público polas Axencias de viaxe

Grupo 967. Instalacións deportivas e Escolas de Perfeccionamento do Deporte:

- Epígrafe 967.1 Instalacións deportivas
- Epígrafe 967.2 Escolas e servizos de perfeccionamento do deporte
- Epígrafe 967.3 Aluguer de artigos para deporte e instalación deportivas

Grupo 969.1 Salas de baile e discotecas



Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

*ANEXO II. MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN*

**CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS Á HOSTALERÍA, NEGOCIOS DE LECER NOCTURNO, XIMNASIOS E AXENCIAS DE VIAXE POR MOTIVOS DA CRISE DA COVID-19**

SOLICITO: Se me conceda a axuda, para o cual, de acordo coas bases reguladoras, aporto a documentación seguinte

**NOME/RAZÓN SOCIAL:**

D.N.I / NIF:

Dirección:

C.P:

Población:

Teléfono:

Correo electrónico:

**REPRESENTANTE LEGAL**

NOME:

D.N.I :

Dirección:

C.P:

Población:

Teléfono:

Correo electrónico:

**DATOS BANCARIOS**

Titular da conta:

Número de conta (24 díxitos):

**ACTIVIDADE POLA QUE SE SOLICITA AXUDA**

Enderezo:

Epígrafes IAE:

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- DNI da persoa solicitante
- NIF no caso de persoas xurídicas, o contratos, no caso de sociedades civiles e comunidades de bens da persoa representante
- Escritura de constitución





Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

- Certificado de alta no imposto de actividades económicas (IAE) da entidade solicitante nalgún dos epígrafes no Imposto de Actividades Económicas. coa súa data de alta e domicilio fiscal.
- Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Soutomaior, coas facendas Públicas (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social
- Facturas orixinais, ou copias autenticadas con o selo correspondente, e que cumpren cos requisitos legais. No caso de aluguer de local deberá ademáis presentar contrato de arrendamento en vigor ou documento asinado pola persoa arrendadora e pola persoa arrendataria que indiquen que o contrato está en vigor.
- Xustificantes de pago
- Certificado do número de conta
- Declaración responsable de obrigatoria formalización ( Anexo III):
  - Non se atopa inhabilitado nin está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención do Concello de Soutomaior, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nin do artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- Que súa actividade está o estivo afectada pola normativa de peche temporal ditada polas autoridades competentes.
- Que na actualidade o local está aberto ao público e desenvolve a súa actividade.
- Ás facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á presente subvención.
- Que son veraces todos os datos reflectidos nesta declaración responsable
- Conta xustificativa (Anexo IV).

E para que así conste, aos efectos da solicitude da subvención, suscribo a presente, en ....., de ..... de ..... de 2021.

Sinatura.....



Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

*ANEXO III*

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE SOLICITUDE**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_  
en nome propio ou en representación \_\_\_\_\_

Estando interesado en participar na convocatoria para a concesión, en réxime de concorrancia non competitiva, de axudas pola crise da COVID19,

**DECLARA** baixo a súa responsabilidade que:

1º.- Non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición para acceder á condición de beneficiaria de subvencións do Concello de Soutomaior, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

2º.- Que súa actividade está o estivo afectada pola normativa de peche temporal ditada polas autoridades competentes.

3º.- Que na actualidade o local está aberto ao público e desenvolve a súa actividade.

4º.- Ás facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á presente subvención.

5º.- Que son veraces todos os datos reflectidos nesta declaración responsable

E para que así conste, aos efectos da solicitude da subvención, suscribo a presente, en \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021.

Sinatura.....



Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

*ANEXO IV*

**CONTA XUSTIFICATIVA**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_  
en nome propio ou en representación de \_\_\_\_\_

*DECLARA:*

- a) Que deu cumprimento aos condicionantes impostos na normativa reguladora.
- b) Que con esta conta xustificativa se achegan as facturas e xustificantes de transferencia bancaria, dos gastos efectuados que deseguido se relacionan:

PROVEEDOR/EMPRESA	CIF	Nº FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE PAGO

- c) Que os gastos que arriba se detallan, son reais e se aplicaron soamente á finalidade subvencionada,

E para que así conste, aos efectos da solicitude da subvención, suscribo a presente, en \_\_\_\_\_, ..... de ..... de 2021.

Sinatura.....

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: B6UXYJLEHOPHSON0



Xoves, 23 de setembro de 2021

Núm. 184

*ANEXO V*

PUBLICIDADE.

As presentes bases foron aprobadas por Xunta de Goberno Local de data 15/07/2021 e modificadas por Xunta de Goberno Local de data 09/09/2021

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: B6UXYJLEHOPHSON0

